



Aliad
Ultreia

MEMORIA 2023



ÍNDICE

A NOSA HISTORIA	4
MISIÓN	5
VISIÓN.....	5
VALORES	6
EQUIPA	7
ONDE ESTAMOS	8
NÓS EN 2023	8
TRABALLO EN REDE	9
PERTENZA A REDES.....	9
ENTIDADES COLABORADORAS	9
ENTIDADES FINANCIADORAS	10
PROGRAMA SENLLEIRAS	13
PROGRAMA DONAS.....	14
PROGRAMA TECENDO FUTURO	15
CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO	18
CONVENIO AXUDAS DE EMERXENCIA	19
PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES PROSTITUÍDAS, VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL CON PROBLEMÁTICAS DE SAÚDE MENTAL E/OU ADICCIÓNS.	20
PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL.	23

ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS	25
PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!	26
PROGRAMA PASO A PASO	27
PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE	28
PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN	29
PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL	32
SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA	33
ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN	34
AS NOSAS REDES SOCIAIS	37
FORMACIÓN E CHARLAS EN ESPAZOS FORMAIS E INFORMAIS	38
INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO	42
OUTRAS ACTIVIDADES	44
CUOTA PERSOAS SOCIAS	45
AS CONTAS CLARAS	46



A NOSA HISTORIA

Aliad Ultreia ten as súas orixes na asociación ALIAD (**Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente**), fundada en **1984** na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, profesorado...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das **drogodependencias** e atender o conxunto de necesidades que este xera. Nun principio, o seu ámbito de actuación era a prevención e tratamento de drogodependentes, pero ALIAD pronto se especializaría na area de incorporación social.

A actividade de ALIAD esténdese ao pouco tempo ao interior dos centros penais da provincia de Lugo para abordar problemáticas derivadas do **consumo de drogas** e a estadía na **prisión**. Este programa desenvólvese na actualidade dentro e fóra dos centros penais cun enfoque máis amplo e unha atención máis integral.

En **2006**, a Xunta de Galicia declarou a Aliad **entidade de interese Galego en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006, publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006).

No ano **2010**, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad Ultreia, debido á ampliación do seu ámbito de actuación debido á identificación de novas realidades sociais que era preciso abordar como son **as violencias de xénero**, incluída a **trata e explotación sexual**.

En **2014**, Aliad Ultreia obtén a **declaración de utilidade pública** acolléndose a lei 49/2002.



MISIÓN

Aliad Ulteia somos unha asociación de **Lugo** que traballa na mellora das condicións de vida de persoas con problemas de **adiccións**, **persoas reclusas e ex-reclusas** e mulleres vítimas das diferentes formas de **violencia de xénero** -entre elas a **prostitución**- e as súas fillas e fillos.

Dende unha abordaxe interdisciplinar, traballamos tanto no acompañamento integral á persoa como na transformación de contextos e na promoción do cambio social.

VISIÓN

Queremos que a nosa forma de traballo fale por nós, e ser un referente na atención a estes colectivos dende un enfoque de acompañamento sensible á individualidade da persoa, baseado na confianza, no coidado e no respecto aos seus tempos e proxecto de vida.

Ademais, buscamos que nos caracterice a nosa **mirada crítica**, ser unha asociación dinámica en aprendizaxe permanente, quen de xerar enfoques e propostas **transformadoras**, esixente con nós mesmas e coa labor das administracións públicas.


Para elo, proxectámonos como unha entidade honesta, coherente cos principios que defende, que coida da súa equipa profesional, das persoas socias e do voluntariado, enfatizando a nosa dimensión asociativa.

Queremos ser un espazo de **participación cidadá**, de **educación**, **sensibilización social** e **traballo en rede**, todo elo coa mirada posta no horizonte social que nos move: unha **sociedade xusta e igualitaria**, **garante de dereitos e centrada no coidado da vida**.



VALORES





EQUIPA

Aliad Ulteira ten como órgano de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias.

A xestión e representación da entidade recae na Xunta Directiva, cuxos membros no 2020 foron:


Presidente: María Barba Núñez

Tesoureira: Jennifer Santín Vivero

Vicepresidenta: Ana Luísa Posada Luaces.

Secretaria: María Gloria Pernas Teijeiro

Vogal: Manuel Varela Veiga



A entidade conta cunha equipa profesional cualificada e con ampla experiencia nos diferentes ámbitos de traballo. Contamos con **10 persoas** (9 mulleres e 1 home) contratados e dúas máis, unha psicóloga e un avogado, por conta allea.



ONDE ESTAMOS



Aliad Ultreia dispón de instalacións propias situadas na **rúa Milagrosa nº 99-101**, na cidade de Lugo.

Aquí atópanse as oficinas, despachos, sala de xuntas, aula de formación e informática así como un apartamento totalmente equipado para o desfrute de permisos penais.

Tamén podes atoparnos en redes



NÓS EN 2023




**1646 PERSOAS
EN ATENCIÓN
DIRECTA**



**67 PERSOAS
SOCIAS**



**32 PERSOAS
VOLUNTARIAS**



**18 PROGRAMAS
E PROXECTOS
REALIZADOS**



**CONTANDO CON
467.243,51 EUROS
DE INGRESOS**



TRABALLO EN REDE

PERTENZA A REDES



Rede TIL

Técnicas/os de Inserción Laboral

RELUVOL

Rede Lucense de Voluntariado

ENTIDADES COLABORADORAS



Fundación Barrié



ENTIDADES FINANCIADORAS



ALIADAS



Dentro desta área ofrécese atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica e social) dando unha **resposta integral**.

Dentro do programa cóntase con dúas liñas dirixidas a:

- ♦ **Mulleres en situacións de vulnerabilidade:** atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular.

Aliad ofrece un recurso integral de apoio e acompañamento a mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles atendendo as necesidades básicas, atención social, psicolóxica, sanitaria, orientación laboral e asesoramento xurídico.

- ♦ **Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual,** trabállase nos espazos de exercicio da prostitución e dando atención e cobertura integral ás mulleres, ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

PROGRAMA SENLLEIRAS

Atención a **mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e/ou vítimas de violencia de xénero.**

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral. A finalidade do programa é fortalecer nas mulleres as súas ferramentas persoais, psicolóxicas, laborais e educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade, iniciar o seu proceso de reparación e proxecto de vida e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eidos da vida.



204 MULLERES
ATENDIDAS 89 CON
ITINERARIO



234 ATENCIÓNS
SOCIAIS E
ACOMPANHAMENTOS



ATENCIÓN PSICOLÓGICA A
15 MULLERES CON 81
ATENCIÓNS INDIVIDUAIS



ORIENTACIÓN LABORAL
A 66 MULLERES CON 134
INTERVENCIÓN



ASESORAMENTO XURÍDICO
A 163 MULLERES EN
MAIS DE 400 ATENCIÓN
INDIVIDUAIS



15 MULLERES EN
INTERVENCIÓN
GRUPAIS

Programa financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DONAS


PROGRAMA ATENCIÓN INTEGRAL VÍTIMAS TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Desde o ano 2010 véñse traballando para abordar unha das formas máis invisibilizadas de violencia de xénero: **a trata e/ou explotación sexual**, centrando a acción na defensa dos dereitos das mulleres vítimas desta violencia machista e a sensibilización á sociedade.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral, ofrecendo os servizos detallados dentro do Programa Donas.



**ATENDEMOS A 110
MULLERES, 6 MULLERES
TRANS E 1 HOMES EN
SITUACIÓN EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**REALIZAMOS MÁIS DE
1182
ACTUACIÓNS
SOCIAIS**



**REALIZAMOS 223
ASISTENCIAS
XURÍDICAS**



**113 ATENCIÓN
PSICOLÓXICA**



**227 ACTUACIÓN
ORIENTACIÓN
LABORAL**

Programa financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA TECENDO FUTURO



**CONTACTAMOS
CON 235
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**

Este proxecto realiza actuacións nos lugares onde se exerce a prostitución (clubs, pisos por toda a provincia e barrio da Tinería en Lugo), buscando establecer contacto coas **mulleres en situación de prostitución** e crear un vínculo de confianza con elas para que, en caso de necesidade de información ou atención, acudan á asociación.

Nas visitas realízanse **obradoiros** sobre **recursos sociais de Lugo** e sobre **saúde sexual e reprodutiva**.

Cando se achegan a nosa entidade, os **servizos** que se lles ofrecen son: **asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral, formación, atención social e sanitaria**, a parte de **información doutros recursos sociais** máis axeitados á súa demanda.

Curso Tecendo Futuro

Ese traballo individualizado complementábase con accións de traballo grupal, de carácter formativo, de participación e de creación de vínculos sociais. Trátase dunha formación dirixida a mulleres que sufriron ao longo da súa vida algunha violencia machista, incluída a explotación sexual.

Centrado na procura de emprego ante a súa demanda de reforzar o seu itinerario con actividades psicoeducativas que melloren o seu autocoñecemento, reforce a súa autoestima, rescate e poña en marcha as súas capacidades e fortalezas e mellore as súas estratexias de comunicación e habilidades. Este ano as actividades incorporouse o obradoiro de ioga.

Neste ano 2023 traballamos aspectos como **coñecemento persoal**, **cohesión grupal**, **habilidades sociais**, **autocoidado**, a **autoestima**, **identificación e manexo de emocións** e a **orientación laboral** de cara a mellorar as súas ferramentas para a incorporación sociolaboral. Foron 45 horas de formación.

Programa financiado pola Deputación de Lugo




**CURSO “TECENDO
FUTURO”
PARTICIPARON 7
MULLERES**

Talleres sanitarios e información sobre VIH para mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución

Realizáronse durante o ano 2023:

- **Talleres sanitarios**, sobre o VIH, ITS e o papiloma humano, dentro dos clubs (48), pisos (20) e no barrio da Tinería (4 visitas) onde se atopan as mulleres en prostitución.
- Reparto de **preservativos** e de folletos informativos, tanto no local de Aliad Ultreia como durante as visitas.



- **Proba rápida do VIH e de VHC (hepatites C)**. Somos un centro colaborador coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIXSP) e contamos no noso local coa infraestrutura e as profesionais axeitadas para a realización da proba rápida reactiva e para dar un consello asistido pre e post-proba.

- **Atención Social e mediación sociosanitaria** para a realización de probas de ITS e probas xinecolóxicas.
- **Acompañamento sanitario e recollida de medicación** en casos de VIH.



11
ACOMPÑAMENTOS
SANITARIOS



PARTICIPACIÓN DE
302 MULLERES E 7
HOMES EN SITUACIÓN
PROSTITUCIÓN



15 PROBAS
RÁPIDAS DO
VIH

Este proxecto está financiado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO



**CASA DE
ACOLLIDA
MULLERES
VÍTIMAS
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**5 PRAZAS
INCLUINDO
FILLAS/OS**

Contamos cunha vivenda dirixida a **mulleres e as súas crianzas** que, tras abandonar a **situación de prostitución e/ou explotación sexual**, precisan dun período de restablecemento e redeseño do seu proxecto persoal e da súa posta en marcha.

Préstase especial atención ás mulleres inmigrantes, principais vítimas destes delitos, cunha situación de maior vulnerabilidade debido á falta de redes sociais e descoñecemento dos servizos e contexto, ao ser o sustento económico da súa familia en orixe, a súa situación administrativa irregular...

Este recurso está vencellado aos demais programas e servizos que levamos a cabo, así ás mulleres que se atopan na casa tamén desenvolven un itinerario, podendo ter atención social, xurídica, psicolóxica, orientación laboral e acompañamento durante a etapa de restablecemento.

Durante o ano 2023 residiron na casa 7 mulleres e dous menores (fillos dunha usuaria).

Vivenda financiada pola Secretaria Xeral de Igualdade

CONVENIO AXUDAS DE EMERXENCIA

A finalidade destas axudas económicas de emerxencia foi dar apoio de emerxencia ás vítimas de trata e/ou explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación, hixiénico-sanitarias, de transporte e telecomunicación, nos casos de urxente desamparo.

Atendeuse a mulleres en situación de prostitución e/ou explotación sexual que actualmente non estivesen cobrando ningunha axuda e/ou estiveran en situación administrativa irregular e non puideran acceder a estes dereitos.

Destas axudas, case o 75% destinouse a alimentación e produtos de hixiene e limpeza, o 15% a pago de aluguer, e o resto a cubrir facturas de subministros, transporte, e outras necesidades básicas.

Mais aló desta finalidade urxente de cubrir as súas necesidades básicas, buscouse dar unha atención máis completa buscando mellorar a súa situación cunha atención integral, axudándoas a acceder aos seus dereitos sociais. Todas elas tiveron acceso a atención social, xurídica, psicolóxica, orientación laboral e sanitaria ou foron derivadas a outros servizos especializados para atender as súas demandas. Realizáronse:

- ♦ Entrevista de recollida de datos e valoración da súa situación social.
- ♦ Coordinación coas traballadoras sociais para tramitar e solicitar axudas, evitando duplicar e creando sinerxías na atención.
- ♦ Entrega de axudas económicas.
- ♦ Seguimento e atención integral e/ou derivación a outros servizos.

Convenio financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.



**ATENCIÓN A 39
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**



**86 AXUDAS DE
EMERXENCIA**

PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES PROSTITUÍDAS, VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL CON PROBLEMÁTICAS DE SAÚDE MENTAL E/OU ADICCIÓNS.

Este proxecto é continuación do proxecto iniciado no 2020 centrado na mellora na detección destas problemáticas e a coordinación entre profesionais. Durante o ano 2023 con este proxecto buscouse:

1. Realización de reunións participativas cos axentes implicados. Durante este ano tivéronse **contacto e reunións** coas 12 entidades membro da **Rede Galega contra a trata Sexual**, con **profesionais da saúde** (traballadoras sociais do Hospital Universitario Lucus Augusti-HULA, con profesionais de xinecoloxía e co persoal do programa intensivo de prevención do suicidio), de **asociacións/recursos que traballan con persoas con problemática de saúde mental/adicciós** e cos **equipos de familia e menores e outros recursos adicados a protección da infancia**.
2. **Formación en saúde mental a entidades especializadas no traballo con mulleres prostituídas** entorno as “Estratexias de traballo e detección de trastornos de saúde mental en mulleres prostituídas”. Desenvolveuse no mes de novembro participando mais de 10 entidades públicas e privadas de Galicia.

ESTRATEGIAS DE TRABAJO E DETECCIÓN DE TRASTORNOS DE SAÚDE MENTAL EN MULLERES PROSTITUÍDAS

OBJETIVO: Mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual con problemáticas de saúde mental e adicciós en Galicia



2 DE NOVIEMBRE - sesión presencial, Santiago de Compostela, Salón de actos da Consellería de Sanidade
09:30 - 15:00
LAURA REDONDO E TANIA CORRÁS
Psicólogas xurídicas e forenses, docentes universitarias e investigadores.
FUNDAMENTOS NA ABORDAXE PSICOSOCIAL E FERRAMENTAS ESPECIALIZADAS



16 DE NOVIEMBRE - sesión presencial, Santiago de Compostela, Salón de actos da Consellería de Sanidade
09:30-15:00
RAQUEL TEIXEIRA
Educatora social e pedagoga. Especialista na intervención en saúde mental.
ALGANISMOS DE DEFENSA PSICOLÓXICOS MAIS HABILIDADES E CONTRAINDICACIÓN NA INTERVENCIÓN PROFESIONAL



29 DE NOVIEMBRE - sesión online
09:30 - 15:00
LAURA REDONDO E TANIA CORRÁS
Psicólogas xurídicas e forenses, docentes universitarias e investigadores.
AFECTACIÓN SOBRE A SAÚDE MENTAL E ACTUACIÓNS PROFESIONAIS ESPECIALIZADAS

Dirixido a persoal que traballa directamente vítimas trata e explotación sexual.

COLABORA:



ORGANIZA:



¡ INSCRÍBETE AQUÍ !




ABERTO ATA O 27 DE OUTUBRO

3. Difusión do **Plan de derivación e atención en saúde mental** destinado a **vítimas de trata e/ou explotación sexual** e **coordinación de casos cos equipos de saúde mental/adiccións**.
4. **Mellorar a identificación de indicios de vítimas de trata e/ou explotación sexual** por parte de **persoal do ámbito da saúde mental** mediante a posta en práctica e validación da **ferramenta** deseñada en proxectos anteriores, incorporando indicadores para mellorar a detección e intervención con **menores**, ampliación referencias bibliográficas, xeración de un mapa de recursos, actualización das ferramentas deseñadas e incorporación de materiais en outras linguas.

Tamén participamos en diferentes foros, seminarios, cursos para divulgar o proxecto e intercambiar opinións que enriqueceron o proxecto (recollidos no apartado de **sensibilización**).





5. Implementación dun **programa de intervención integral orientado o restablecemento das vítimas de trata e/ou explotación sexual**, no que a máis do traballo integral dirixido a atender os diferentes eidos que forman parte do proxecto de recuperación dunha vítima (social, sanitario, psicolóxico, xurídico, formativo, laboral) fai énfase no restablecemento psicoemocional propoñendo un traballo tanto individual como colectivo tendo en conta á situación de trauma vivida por estas mulleres. No eido colectivo desenvolvéronse **obradoiros de autoestima, xeración de hábitos saudables, ocio de calidade, establecer redes de apoio, traballo de habilidades relacionais**. Ademais contouse coa colaboración no proxecto **TACA (Terapia Asistida con Animais)** da asociación **Alume**, traballando con dúas mulleres semanalmente durante os meses de maio e xuño. Nestas actividades participaron 26 mulleres.

Tamén se está a sistematizar esta información nunha páxina web: www.saudealiadas.com, que serve como guía para a información, detección e derivación en casos de trata e/ou explotación sexual

Proxecto financiado pola Consellería de Sanidade no marco das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.

PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL.

1. Contar con unha investigación sobre o impacto da prostitución sobre as mulleres que posibilite articular medidas e programas axeitados a realidade.

Durante este ano 2023 deseñouse a ferramenta de recollida de información en torno a percepción que as mulleres prostituídas teñen sobre a súa saúde.

Compartiuse esta ferramenta inicial coas entidades da Rede Galega contra a Trata para recoller valoracións e melloras. Posteriormente, realizouse unha sesión formativa ao persoal da Rede Galega contra a trata sexual sobre a ferramenta e a súa aplicación.


As entidades participantes recolleron información de 116 mulleres que foi sistematizada. Sobre esta base fíxose un informe sobre os resultados por parte das investigadoras contratadas Laura Redondo e Tania Corrás.

2. Mellorar a capacidade de detección de vítimas de trata e/ou explotación sexual de mulleres e nenos/as entre os axentes que poden entrar en contacto con esta realidade.

Dentro deste obxectivo leváronse a cabo, ao longo do ano 2023, as seguintes actividades formativas

- ♦ **Formación a entidades especializadas en traballo con vítimas de trata e explotación sexual: Novas realidades da prostitución.**

Realizáronse 4 sesións formativas, dúas de carácter virtual e dúas nas instalacións do CRI en Santiago de Compostela. Asistiron un total de 57 participantes das distintas entidades de atención a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.



♦ **Formación especializada en detección ao Servizo de protección ao menor, asociacións que traballan con menores.**

PROSTITUCIÓN E AS NOVAS FORMAS DE ACHIEGAMENTO Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA

online: zoom
Porografía e prostitución. A explotación sexual na infancia e na adolescencia.
Elena Ballester - Profesora de métodos de investigación na Universidade das Illas Baleares

OUTUBRO 31
09:00h a 11:30h

online: zoom
Detección e acompañamento en situacións de explotación sexual.
María García de Diego - Traballadora social da fundación Amaranita
Susana Puente Sancho - Coordinadora da fundación Amaranita en Illas Baleares

NOVEMBRO 10

online: zoom
Prostitución 2.0 Seducción e captación de menores.
Natalia Colmenero - Técnica de sensibilización de Diáspora España

NOVEMBRO 17

online en presenza (XGarcía, salón de actos do edificio Amaranita)
A explotación sexual na infancia e adolescencia dentro do sistema de protección de menores. Os recursos residenciais.
Raimel Álvarez educador social de México del Mundo

NOVEMBRO 24

online na presenza (Lugo, Salón de actos do edificio administrativo da Xunta)
Impacto nas nenas, nenos e adolescentes das novas realidade da prostitución.
Laura Redondo e Tania Corras - Psicolóxicas forenses e investigadoras

DICIEMBRO 1

¡INSCRÍBETE AQUÍ!

ABERTO ATÁ O 27 DE OUTUBRO

XUNTA DE GALICIA GOBERNO DE GALICIA Aliad@ Vitreria Coorganiza CONSELLO DA AVOGACÍA GALICIA

A formación estruturouse en 5 sesións de 2:30 horas de duración cada unha. Participaron 98 profesionais das equipas de familia e menores das 4 provincias, centros de menores e asociacións especializadas en traballo con menores.

Ademais elaborouse unha **ferramenta para detectar menores vítimas de explotación sexual e pautas de derivación.**

♦ **Formación online a través do Consello da Avogacía Galega e Colexio de Procuradores.**

O curso consistiu en 9 sesións de unha hora de duración e nas que se abordaron diferentes aspectos xurídicos. Inscribíronse a formación un total de 82 avogados e avogadas.

FORMACIÓN ONLINE

LA TRATA DE SERES HUMANOS CON FINES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL Y LA EXPLOTACIÓN SEXUAL:

ASPECTOS TRANSVERSALES PARA UN ABORDAJE ADECUADO

XUNTA DE GALICIA GOBERNO DE GALICIA Aliad@ Vitreria Coorganiza CONSELLO DA AVOGACÍA GALICIA

♦ **Guía sobre trata e explotación sexual para operadores xurídicos.** Sobre a base dos contidos ofrecidos na formación elaborouse esta guía de consulta especializada para avogados e avogadas.

3. Deseño dun taller dirixido a mocidade destinado a falar dos novos modelos relacionais e a influencia das novas tecnoloxías nelas, na hipersexualización e a captación para a explotación sexual e o consumo da mesma.

Desenvolvéronse 6 obradoiros, participando 223 adolescentes (101 nenas e 122 nenos). Tiveron lugar en A Pastoriza (Lugo), Melide e Betanzos (A Coruña), Moraña e A Guarda (Pontevedra) e Celanova (Ourense)

Convenio financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.



ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS

PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!

Ofrece o recurso dunha vivenda para o desfrute dos permisos penais e/ou primeiros días de liberdade. As destinatarias son **homes e mulleres presas nos Centros Penais de Bonxe e Monterroso**.

A finalidade é tutelar e acompañar a persoas con problemas de drogodependencias ou con falta de redes de apoio ao longo dun itinerario que persigue organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos de saída penais e os primeiros momentos en liberdade.

Realízase con cada persoa un **itinerario integral individualizado**: atención social, asesoramento legal, acompañamento a recursos e actividades de lecer saudable, mediación familiar e social...

Programa financiado pola Deputación de Lugo e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través dos programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF.



**PISO PARA
DESFRUTE
PERMISOS
PENAI**



**21 PERSONAS DE
PERMISO (20 HOMES
E 1 MULLER).
48 PERSONAS
VINCULADAS.**



**266 DÍAS PISO
OCUPADO EN
57 PERMISOS**



**27 ACTIVIDADES
ORIENTADAS A
TRABALLAR
HABILIDADES E
DESTREZAS**



**176
ENTREVISTAS**



**17 MEDIACIÓN E
ACOMPÑAMENTOS
RECURSOS SOCIAIS E
22 ACOMPÑAMENTOS
NO TEMPO LIBRE**

PROGRAMA PASO A PASO



**PRISIONS DE
BONXE E
MONTERROSO**

O programa desenvólvese con **persoas reclusas do Centro Penal de Bonxe e do de Monterroso** que disten da liberdade entre 0 e 2 anos e teñan posibilidades de permanencia en España unha vez saian en liberdade. Tamén son potenciais beneficiarias as persoas ex reclusas e as que saen da cadea e necesitan atención nos primeiros momentos de liberdade.



**ATENCIÓN A
48 PERSOAS
(46 HOMES E 2
MULLERES)**

A finalidade é que as persoas reclusas e/ou ex reclusas melloren, mediante o desenvolvemento dun **proxecto de inclusión social e/ou socio laboral personalizado**, as súas capacidades persoais de cara á súa empregabilidade e inclusión social.

Por medio do deseño coa persoa dun itinerario individualizado faise seguimento e atención nos diferentes ámbitos: mediación social, orientación social e laboral, apoio socioeducativo, apoio psicológico, asesoramento xurídico, accións socioeducativas coas familias, acompañamento social (recursos, tratamentos), formación e adquisición de habilidades para o emprego...

Este programa está financiado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE

Dirixido ás persoas reclusas nos Centros Penais de Monterroso e Bonxe. A finalidade é preparar a vida en liberdade, traballando cara unha autonomía persoal e social, mediante a realización de obradoiros grupais e actuacións individuais.

Obradoiros grupais:

- Habilidades sociais e cohesión grupal
- Autoestima
- Xestión de emocións e autocontrol
- Orientación laboral
- Xestións de emocións
- Igualdade de xénero
- Recursos sociais e comunitarios
- Introducción á xustiza restaurativa

Actuacións individuais: realízanse, de forma complementaria, asesoramento social, familiar, xurídico, laboral e acompañamentos en todos este eidos.

Estas actividades foron subvencionadas polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social na subvención do IRPF nacional a través da Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD)



**PRISIÓN DE
MONTERROSO
E BONXE**



**PARTICIPARON 38
HOMES**



**REALIZÁRONSE
45 ENTREVISTAS**

PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN

O Plan de Animación Sociocultural busca ser unha experiencia real de participación comunitaria no Centro Penal de Monterroso. Este proceso arrancou o ano 2015 desenvolvendo varias liñas de traballo. Podedes coñecer máis sobre este proceso na nosa páxina: [Plan de Animación Sociocultural en prisión | España | Educación Social \(ascprision.es\)](http://ascprision.es)

Durante o 2023 desenvolveronse algunhas actividades de continuidade:

- **Radio comunitaria “LibreMente”:** radio comunitaria creada e levada a cabo por persoas presas. Durante este ano 2023 seguiu acompañando na creación de contidos e emisión dos podcasts e programas desta radio.



Pódeses descarga e escoitar os programas no enlace https://www.ivoox.com/escuchar-podcast-libremente_nq_478572_1.html



- **Obradoiro de teatro na UTE:** actividade levada a cabo por Cristina Collazo.
- **Actividades deportivas de verán:** durante os meses de xullo de agosto varias persoas voluntarias desenvolveron no centro penal actividades deportivas.

- **Rede Galega de Educacións en Prisión (REGAEP):** ademais das reunións periódicas para afianzar e avanzar no traballo coordinado das entidades que conforman a rede, realizouse unha xornada sobre Voluntariado Penitenciario (ver mais información apartado formación).



- **Aulas Abertas:** realizáronse numerosos encontros, un cada mes, con persoas de diferentes áreas para achegar diferentes realidades e debates ás persoas internas do CP Monterroso. Este ano esta actividade vinculouse coa actividade da radio, procurando que as persoas que participan nas Aulas tamén sexan entrevistadas polas persoas que dinamizan a radio.

Estas actividades foron financiadas pola Fundación La Caixa a través da súas convocatorias sociais

ATENCIÓN A PERSONAS CON TRASTORNOS ADITIVOS



PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

Dirixido a **persoas drogodependentes** con **procesos xudiciais pendentes**



**ATENDEMOS A
208 PERSOAS
(181 HOMES E
27 MULLERES)**

- ♦ Apoio e asesoramento no seguimento de todo o proceso xudicial;
- ♦ Facendo fincapé en que conste acreditada en sentenza a toxicomanía de cara a solicitar alternativas á prisión, e mesmo a solicitude das distintas alternativas se é o caso;
- ♦ Incidindo na proposta de alternativas á prisión (situación preventiva) así como a derivación a recursos de tratamento no exterior (persoas penadas);
- ♦ No caso das persoas penadas e con medidas alternativas (suspensións ou substitucións de condena) facilitamos o cumprimento destas na nosa entidade (Traballos en Beneficio da Comunidade- TBC, seguimento de suspensións de condena).

Coas persoas que compren condena na cadea, damos cobertura tamén a cuestións relacionadas co Réxime Disciplinario Penal, realizando asesoramento xurídico, xestións e escritos.

Este programa está financiado dende o Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA



ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Este ámbito é fundamental no accionar da entidade, entendendo a intervención como un continuo que debe incidir nas causas das problemáticas coas que traballamos. Buscamos fomentar a **sensibilización**, a **participación cidadá**, e **incidencia social** en relación a temas invisibilizados.

Esta área conta cunha forte presenza do **voluntariado** da entidade, que participa dende o inicio, dende as labores de planificación das campañas ata á mobilización social.

Día da Muller (8 marzo)

O 8M, Día Internacional das Mulleres organizamos xunto con mulleres que acoden da entidade, e en colaboración coa **Escola de Teatro “Palimoco”**, realizamos unha representación teatral en torno a necesidade de poñerse nos zapatos das outras persoas para achegarnos a súa realidade. Foi un espazo moi enriquecedor que permitiu as mulleres compartir a súa realidade e as e os alumnos representar esas realidades.

Debido as condicións climatolóxicas absevas, a representación que estaba prevista para desenvolver na praza da Milagrosa, foi substituída por a elaboración dun vídeo por parte da directora Carmen Granxeiro, que foi difundida nas nosas redes.

Exposición “A realidade tras a trata e a prostitución”

Este ano seguimos difundindo a exposición elaborada de forma conxunta pola Rede Galega contra a Trata Sexual sobre a realidade que hai detrás da prostitución.



Trátase de 8 paneis interactivos, un de presentación e un panel final participativo, que interpelan cunha pregunta directa e a través dun QR atopamos a realidade que hai detrás dos mitos e xustificacións que hai detrás da explotación sexual en relación a:



1. Vítimas
2. Puteiros
3. Proxenetas e mafias
4. Sistema prostituínte
5. Trata sexual
6. Novas formas de explotación sexual

Este ano estivo exposta en varios institutos da provincia de Lugo (Monforte de Lemos, Viveiro, Foz e Lugo) durante varios períodos do ano e foi empregada como material por parte das titoras destes centros.

Actividade financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade, Consellería de Emprego e Igualdade

Día internacional contra a violencia de xénero (25 Novembro).

No 25N puxemos o foco sobre unha das violencias machistas máis normalizadas e invisibilizadas: a prostitución.

Organizamos e participamos xunto con Cruz Vermella e Cáritas Lugo, nun flashmoob con alumnado de 5 centros educativos da cidade. Participaron máis de 300 rapaces e rapaces na Praza de Santa María en Lugo, visibilizando a trata sexual como unha forma de violencia machista que é necesario erradicar. Gravouse un vídeo, por parte de Cáritas Lugo que foi difundido a través das redes sociais das entidades participantes.

Día Mundial do SIDA (1 de decembro)

Co gallo do Día Mundial da SIDA, montamos un stand para xogar informando sobre o VIH, a SIDA e outras ITS, a proba rápida, prácticas de risco e mitos que seguen a xerar estigmas e mantén o descoñecemento sobre estes temas.

Todas as persoas que se achegaron tiñan que responder 5 preguntas sobre a temática e se acertan reciben agasallos: bolsa de tea, folletos informativos e de sensibilización así como preservativos. Unha forma lúdica de coñecer a realidade das ITS e facer prevención.



Tamén realizamos un folleto rachando cos mitos que repartimos nesta e noutras actividades tanto de sensibilización como nas visitas aos lugares de prostitución.

Ademais seguiron impulsándose as actividades de sensibilización a través das nosas plataformas en Facebook e Instagram, realizándose traballo de deseño, creación e difusión por redes.

Esta actividade está financiada pola Consellería de Sanidade de Xunta de Galicia.

AS NOSAS REDES SOCIAIS

Temos varias canles para achegarse as nosas actividades ou novas relacionadas coas nosas áreas de traballo:



**MAIS DE 40.000
VISITAS NAS NOSAS
REDES SOCIAIS**

Web: www.aliad.org

Instagram: [Asociación Aliad Ultreia \(@aliadultreia\)](#) • [Fotos y videos de Instagram](#)

Facebook: [Aliad-Ultreia | Facebook](#)



**MÁIS DE 1.000
PERSONAS
ACCEDERON AS
ACCIÓN**

FORMACIÓN E CHARLAS EN ESPAZOS FORMAIS E INFORMAIS

Ao longo de todo o ano realizamos actividades e obradoiros de sensibilización, entre eles:

- Desenvolvimos unha charla-debate no centro penal de Monterroso en torno a exposición *“Que hai detrás da prostitución”* que permitiu afondar sobre a realidade da que non se fala e rachar con moitos mitos e normalización da explotación sexual das mulleres.
- A través dun traballo co departamento de igualdade do **IES Sanxillao de Lugo** realizáronse **4 obradoiros**, de dúas sesións cada unha, con todos os grupos de 4º da ESO do centro, empregando a exposición *“Que hai detrás da prostitución”* e materiais creados en anos anteriores xeramos un obradoiro participativo, debate e creación de carteis que responderan as preguntas dos carteis da exposición. Esta exposición estivo no centro durante 4 meses sendo traballado por varias titoras/es e orientadora do centro para seguir abordando o tema en horas de titoría e estudo.
- Obradoiros con rapazas e rapaces do **CIEMA (Centro de Intervención en Medio Aberto)** de Lugo, que identificaba o risco das rapazas de caer na explotación sexual e a normalización dos rapaces da prostitución, realizáronse ao longo do ano, unha vez ao mes, unha **charla-obradoiro con diferentes grupos de rapazas e rapaces (entorno a 3-6 persoas)** onde aproveitando os paneis da exposición reflexionamos sobre as novas formas de explotación sexual, as diferencias ou non con outras formas de prostitución, os puteiros, os danos que xera e as solucións que construírían.
- Como parte de **FADAS**, tamén participamos no seu proxecto “Un mundo mellor para as nosas crianzas” impartindo tres obradoiros nos institutos de secundaria de Fingoi, A Pastoriza e Foz

- Dentro do programa **Plan Proxecta** impulsado pola Consellería de Educación, como entidade parte da Rede Galega contra a Trata Sexual, levouse a cabo conxuntamente con Cáritas Lugo o obradoiro **“A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero”** en tres institutos de secundaria da provincia de Lugo (IES Río Cabe en Monforte de Lemos, IES Ollos Grandes de Lugo e no IES María Sarmiento de Viveiro) dentro do "Programa Por 365 días de respecto e igualdade" da Secretaría Xeral da Igualdade.

En todos estes espazos participaron máis de 250 persoas, a inmensa maioría mozos e mozas que son un dos obxectivos principais destas accións de transformación social.

Ademais participamos en charlas e debates en diferentes espazos durante o 2023:

- ♦ Participación no **“II Congreso Nacional de Igualdad y Recursos Humanos de los Servicios Públicos de Salud”** celebrado na Cidade da Cultura en Santiago entre o 29 de novembro e o 1 de decembro coa ponencia **“Programa Aliadas de prevención e recuperación de mulleres vítimas de trata”**.
- ♦ **“Xornadas formativas comprender para axudar. Estratexias para a mellora na relación socioeducativa”** realizada por Aliad Ulteira.
- ♦ **“Xornada sobre a Violencia de Xénero”** celebrada o 23 de novembro na Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela tratando o tema do

Xornadas formativas de Aliad Ulteira

COMPRENDER PARA AXUDAR
Estratexias para a mellora na relación socioeducativa

En Aliad Ulteira
traballamos na mellora das condicións de vida das persoas con problemas de adicción, persoas recluídas e encarceradas e mulleres vítimas das diferentes formas de violencia machista, entre elas a explotación sexual.
Máis info:
www.aliad.org
voluntariado@aliad.org

Destinado a voluntariado, profesionais do ámbito socioeducativo, e outras persoas interesadas

Conteúdo
1. Estrutura cerebral e bases neurocientíficas
2. O apego e como surten as experiencias de vida
3. A regulación emocional e estratexias para a intervención
4. A relación de axuda: estilos de relación, competencias de voluntariado e profesionais

Intervención
Raquel Fernández Domínguez
Educatrice social e pedagoga. Especialista na intervención en saúde mental.
Ana Barba Nogueira
Educatrice social. Coordinadora dos programas de atención a mulleres vítimas de violencia machista de Aliad Ulteira.

Os xoves 19 e 26 de outubro e 2 de novembro de 16:00 a 20:00
Salón de Actos do Centro de Convivencia Uxía Novoneyra, (r/ Quiroga Ballesteros, 1A, Lugo)
Prazo de inscrición ata 16 de outubro

Inscricións en



 XUNTA DE GALICIA
  Universidade de Santiago de Compostela
  XUNTA DE GALICIA
  Consello de Lugo
  Aliad Ulteira

impacto da violencia sobre as mulleres vítimas de explotación sexual.

- ♦ **“Xornada de experiencias de saúde mental. A saúde mental dende a perspectiva socioeducativa”** organizada polo **Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia** na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Compartindo o noso proxecto "Detección e restablecemento de mulleres prostituídas con problemáticas de adiccións e de saúde mental".



- ♦ Co gallo do día da Xustiza Social, a **Rede de Técnicas e Técnicos de Inserción Laboral- TIL**, da que Aliad Ultreia forma parte, organizou o venres 17 de febreiro unha Mesa de Diálogo sobre "Discapacidade e Incapacidade: emprego sen límites".
- ♦ Participación na xornada de intercambio de experiencias con proxectos elaborados noutros países en torno as violencias machistas e a súa abordaxe **“Estratexias contra as violencias machistas cara ás mulleres para unha vida plena”**. Esta xornada foi impulsada pola ONG Solidaridade Internacional en colaboración coa UDC.

VOLUNTARIADO



INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO

Cóntase con persoas voluntarias que participan enriquecendo o traballo da nosa entidade nas diversas áreas de actuación. Durante este ano 2023 as principais actividades foron:



Animación Sociocultural na prisión

En **prisión**, as principais actividades do voluntariado levou a cabo varias iniciativas, adaptándonos as restricións e normas sanitarias establecidas:

- **Obradoiro de autocoñecemento na Unidade Terapéutica Educativa -UTE)** do C. P. Monterroso (1 voluntaria)
- Apoio nos programas da **radio comunitaria LibreMente** no Centro Penal de Monterroso (3 persoas voluntarias)
- **Actividades físico-deportivas** (3 voluntarias)
- **Taller percusión** no C.P. Monterroso (8 persoas voluntarias)
- **Obradoiro de teatro na UTE** (1 voluntaria)

Tamén se mantén o **acompañamento en permisos penitenciarios**, unha das liñas tradicionais de voluntariado de Aliad, da que participan 2 voluntarias.

No programa Aliadas, participaron:

- Actividades do obradoiro de lecer **“Coidándonos”** (5 voluntarias)
- **Apoio escolar** a unha usuaria para cursar ESO (1 voluntaria)
- **Taller de familias** (2 voluntarias)
- Apoio e asesoramento “Programa de detección e restablecemento de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual” (1 voluntario)
- Programas e accións **sensibilización social** (ver apartado de sensibilización) (3 voluntarias)

OUTRAS ACTIVIDADES

Actividades na horta

Renovamos a concesión de *Deputación de Lugo* para o uso dunha horta no paseo do Rato.

Realizamos actividades con persoas de ambas áreas que se encargaron de preparar a terra, plantar e coidar da horta. Unha actividade moi enriquecedora na aprendizaxe e nos resultados.

Esta actividade ten unha grande acollida entra as persoas participantes, prevendo incorporar máis persoas usuarias e voluntariado no futuro.

Rastrillo

Volvemos participar co noso posto na Feira de Asociacións organizadas por FADAS.

Nesta actividade vendemos libros de segunda man, procedentes de doazóns de particulares e entidades públicas E privadas para recadar fondos para a entidade

CUOTA PERSOAS SOCIAS

Contamos con 67 persoas socias que mediante a súa cota anual nos apoian e participan das actividades que levamos a cabo.

<https://www.aliad.org/hazte-socio-socia/>

Ofrecemos **acompañamento individualizado e integral**, respectuoso cos tempos da persoa, a través dos seguintes servizos:

Atención social e educativa

Apoiamo nos trámites administrativos e de axudas, no acceso a recursos sociais, na relación coas familias, etc.

Asesoramento xurídico

Sobre dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos.

Atención sanitaria

No acceso á asistencia médica, obradoiros formativos, proba rápida de VIH e métodos de protección de infección de transmisión sexual.

Atención psicolóxica

Para abordar aspectos emocionais, relacionais e de conduta, así como a motivación cara o cambio.

Orientación laboral

Atención individualizada na busca e mantemento de emprego.

Obradoiros grupais

No traballo en habilidades sociais e desenvolvemento persoal, de cara a inclusión social e laboral.

Recursos residenciais

Cunha vivenda para permisos penais e outra para muller vítima de trata e/ou explotación sexual.



Unha equipa profesional e especializada atenderá de forma integral as túas necesidades e dereitos.

Contamos tamén coa participación voluntaria de persoas implicadas que colaboran cos nosos programas e impulsan os seus propios proxectos e iniciativas.

O noso compromiso co cambio social lévanos a realizar accións educativas e de sensibilización en diferentes lugares (centros educativos, concellos, espazos profesionais, etc.), na procura dunha sociedade xusta, garante de dereitos e feminista.

Colabora!

DATOS PERSOAIS

Nome:

Apelidos:

DNI/CIF:

Enderezo:

CP:

Provincia:

CUOTA

- ☐ 15 €/ano (cuota mínima)
☐ 30€/ano
☐ 60 €/ano
☐ 120 €/ano
☐ outro importe: _____ €/ano

FORMA DE PAGO



Domiciliación bancaria

ES_ _ _ _ _ | _ _ _ _ _ | _ _ _ _ _ | _ _ _ _ _

Sinatura:

Aliad Ulteira está recoñecida coa Declaración de Utilidade Pública e acollida a lei 49/2002 de incentivos fiscais ao mecenazgo.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais, así como o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 informase de que os datos persoais que suministre pasarán a ser tratados pola Asociación Aliad Ulteira, empregados para a relación descrita neste documento. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose á entidade responsable do tratamento: Aliad Ulteira, rúa Milagrosa, 99-101, Lugo.


AS CONTAS CLARAS




CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA. INGRESOS E GASTOS 2023

INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE	IMP. DESGLOSADO	PARTIDAS
SUBVENCIONES	436.199,51	432.935,91	Subvencions varias
		3.263,60	Doazóns
		600,00	Lotaría
INGRESOS DE PROMOCIONES, PATROCINADORES/AS E COLABORACIONES	26.670,00	26.070,00	Fundación La Caixa
COTA SOCIOS/AS	2.630,00	2.630,00	
DOCENCIA/CHARLAS (CIMS, UDC, Plan Proxecta,...)	1.744,00	1.744,00	
TOTAL INGRESOS 2021	467.243,51	467.243,51	

GASTOS			
CONCEPTO	IMPORTE	IMP. DESGLOSADO	PARTIDAS
AXUDAS MONETARIAS	13.887,31	11.497,93	Axudas usuarias
		1.080,00	Axudas á formación Tecendo Futuro
		72,34	Remanente programa Cooperación 2018/2019
		1.237,04	Gastos voluntariado e desprazamento xunta directiva
APROVISIONAMENTOS	38.065,42	20.226,27	Traballos realizados por outras empresas
		8.040,24	Atención Psicolóxica profesional autónoma
		7.073,68	Alimentación recursos de acollida
		2.725,23	Mat. Oficina, outros aprov
GASTOS DE PERSOAL	327.436,34	327.436,34	Custes Persoal contratado
OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE	66.347,43	4.281,64	Dietas traballadoras
		8.888,88	Alugueres
		747,52	Reparacións, matntementos e alarma
		2.139,19	Limpeza
		24.780,00	Atención Xurídica profesional autónomo
		4.135,87	Xestoría
		2.067,23	Seguros
		1.772,17	Publicacións, cartelería
		5.843,03	Suministros (electricidade, auga, teléfono, internet)
		2.649,69	Comunidades de veciños
SUBVENCIONES, DOAZONS E LEGADOS DE CAPITAL TRASPASADOS AO RESULTADO DO EJERCICIO	-1.565,31	-1.565,31	
AMORTIZACIÓN DE INMOVILIZADO	3.082,30	3.082,30	Custe de amortización de ordenadores, impresoras,...
OUTROS	67,86	67,86	
VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIONES AO EXCEDENTE DO EJERCICIO	1.564,96	1.564,96	Axustes contables
TOTAL GASTOS 2023	448.886,31	448.886,31	



■ SUBVENCIONS ■ INGRESOS DE PROMOCIONS, PATROCINADORES E COLABORACIONES ■ COTA SOCIOS/AS E DOAZONS ■ OUTROS




■ GASTOS DE PERSONAL ■ APROVISIONAMENTOS ■ OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE
■ AXUDAS MONETARIAS ■ AMORTIZACION DE INMOVILIZADO ■ OUTROS

RESULTADO TOTAL DO ANO 2023

18.357,20

DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS PÚBLICAS E PRIVADAS POR ÁMBITOS DE ACTUACIÓN NO ANO 2023



■ ÁREA PRISIÓN ■ ÁREA MULLER ■ ÁREA ADICIÓN ■ OUTROS (VIH, VOLUNTARIADO, PROGRAMA DE COOPERACIÓN,...)



Rúa Milagrosa 99, C.P.:27003, Lugo

982 251 948 - 655 395 940

info@aliad.org

www.aliad.org



Aliad-Ultreia



@aliadultreia